



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 10 DE FEBREIRO DE 2020

N.º 033

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

*Anuncio*

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 31/01/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro do 2019 do prezo público pola prestación do servicio de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 31/03/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de conxinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de conxinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de conxinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0265

### CHANTADA

*Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 28/11/2019 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguinte modificación das ordenanzas correspondentes .O

expediente de modificación someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 280. Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algúnh.

Procédese á publicación íntegra no B.O.P da modificación efectuada, segundo o disposto no art.17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. No non modificado, mántense en vigor o texto de ditas Ordenanzas.

#### **Ordenanza fiscal nº 10 da taxa pola rede de sumidoiros.-**

*Artigo 5º.- Cota tributaria.*

(...)

2. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte, na que non se inclúe o IVE que resultase de aplicación:

<b>Concepto</b>	<b>Euros</b>
Cota de aboamento mensual	1,466151
Cota Conservación Saneamento mensual	1,556376
Primeiros 30 m <sup>3</sup> cada dous meses(euros/m <sup>3</sup> )	0,273405
Consumos de 30 a 60 m <sup>3</sup> en adiante (euros/m <sup>3</sup> )	0,670455
Consumos de 60 m <sup>3</sup> en adiante (euros/ m <sup>3</sup> )	0,979207

#### **Ordenanza fiscal nº 12 da taxa pola subministración de auga.-**

*Artigo 3º.- Contía.*

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte, na que non se inclúe o IVE que resultase de aplicación:

<b>Concepto</b>	<b>Euros</b>
Cota de aboamento mensual	1,466151
Cota Conservación Abastecementos mensual	1,466151
Primeiros 30 m <sup>3</sup> cada dous meses(euros/m <sup>3</sup> )	0,273405
Consumos de 30 a 60 m <sup>3</sup> en adiante (euros/m <sup>3</sup> )	0,670455
Consumos de 60 m <sup>3</sup> en adiante (euros/ m <sup>3</sup> )	0,979207

Chantada, 23 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0266

#### **AS NOGAIS**

##### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data o día 04 de febreiro de 2020, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro 2020 por importe.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades bancarias para que sexan adebedados nas contas respectivas.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución

expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime conveniente.

As Nogais, 4 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0267

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de As Nogais, en sesión celebrada o día 3/02/2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación das bases de execución do orzamento. En cumprimento co disposto no artigo 169.1 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

As Nogais, 4 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0268

#### *Anuncio*

O Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 03/02/2020 aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobilés. De conformidade co establecido no art. 17.1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ábrese un trámite de información pública, por prazo de trinta días, a contar desde o siguiente ao de publicación do presente edicto no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entones provisional.

As Nogais, 4 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0269

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 6 BARCELONA

#### *Anuncio*

Juzgado de lo Social nº 06 de Barcelona

Avenida Gran Via de les Corts Catalanes, 111, 3<sup>a</sup> planta (edifici S) - Barcelona CP.: 08075

TEL: 938874586

FAX: 938844909

E-MAIL: social6.barcelona@xij.gencat.cat

Juicio: Despidos / Ceses en general 799/2019

Sobre: Resolución del contrato de trabajo por voluntad del trabajador (art. 50 ET)

Parte demandante/ejecutante: Sukhjit Singh , Mandeep Snigh

Parte demandada/ejecutada: ADORNA GRUPO DE RESTAURACIÓN, SL, FILLOL, SL, GORCOCK, SL, FONS DE GARANTIA SALARIAL (FOGASA)

Alberto Hernández Méndez, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 06 de Barcelona.

En este Órgano judicial se tramita el procedimiento arriba indicado en el que se ha dictado una resolución de fecha 27/01/20 acordando librar el presente edicto.

En atención al desconocimiento del actual domicilio de la **parte demandada GORCOCK, SL** y de acuerdo con lo dispuesto en el art. 59.2 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social (LRJS) he acordado **CITARLE**, para que comparezca en la **en la Sala de Audiencias de este Juzgado, sita en la 3<sup>a</sup> planta del Edificio S de la Ciudad Judicial de Barcelona, Gran Via de Les Corts Catalanes, nº 111, de Barcelona, el dia 3 de JUNIO de 2020 a las 11:00 horas de su mañana** para la celebración de los actos de conciliación y, en su caso, de juicio; que tendrán lugar en única pero sucesiva convocatoria, el primero ante el Letrado de la Administración de Justicia y el segundo ante la Magistrada-Juez.

Le advierto que debe concurrir con los medios de prueba de que intente valerse; si se trata de la prueba documental debe presentarla debidamente ordenada y numerada.

Asimismo le advierto que su incomparecencia injustificada no impedirá la celebración de los actos de conciliación y del juicio, que continuarán sin necesidad de declarar su rebeldía y que podrá ser tenida por conforme con los hechos de la demanda.

Contra dicha resolución la parte puede interponer recurso de **REPOSICIÓN** ante el Letrado de la Administración de Justicia, mediante un escrito que se debe presentar en el plazo de **TRES** días contados desde el siguiente al de la notificación, en el que se debe expresar la infracción en que haya incurrido la resolución, además de los requisitos y advertencias legales que constan en la resolución y en los arts. 186 y 187 de la LRJS.

La resolución que se notifica está a disposición de la persona interesada en este Órgano judicial.

Este edicto cumple los criterios de protección de datos de carácter personal en el ámbito de la Administración de Justicia establecidos en los arts. 236 bis y siguientes de la Ley Orgánica del Poder Judicial (LOPJ) y la Instrucción 6/2012 de la Secretaría General de la Administración de Justicia, relativa a la publicación de edictos en diarios y boletines oficiales y la protección de datos.

**Y, para que sirva de notificación y de citación a GORCOCK, SL**, parte demandada, cuyo domicilio o residencia se desconoce, expido y firmo el presente edicto para su publicación en el BOP, con la advertencia de que las siguientes comunicaciones se realizarán fijando una copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de esta Oficina judicial, salvo las resoluciones que deban revestir forma de auto o de sentencia o decreto cuando ponga fin al proceso o resuelva un incidente, todo ello de conformidad con lo establecido en el art. 59.2 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social (LRJS).

En Barcelona, a 29 de enero de 2020.- El Letrado de la Administración de Justicia.

R. 0271